

# O capitalismo como aliado das formas 'naturalizadas' do fascismo\*

Sam Mithani

O cinema de esquerdas no Hollywood dos anos trinta ofreceu unha severa visión dos erros do sistema americano, no cal mesmo os homes máis honestos buscando compensar as inxustizas sufridas na sociedade ven negada unha saída. Porén, son esmagados espiritualmente e relegados ao exilio na terra que os viu nacer. Con esta vontade Mervyn LeRoy dirixiu *Son un fuxitivo*, en 1932, a historia dun veterano de guerra en paro que ten grandes dificultades para se adaptar á dura realidade económica logo da Primeira Guerra Mundial. Aínda que o filme está ambientado nos anos vinte, tivo especial resonancia nos primeiros trinta co comezo da gran Depresión.

O veterano, James Allen, interpretado por Paul Muni, soña con ser arquitecto mais non é quen nin de empeñar a súa Medalla de Honra –unha lúcida observación de como a sociedade deu as costas aos seus heroes de guerra. O dependente demostrou de xeito humillante amosándolle a Muni un lote de medallas de guerra amoreadas nun gran bocoi. Reducido a unha vida de vagabundo Jim vai de traballo en traballo. Nunha cidade é enganado por outro indixente que o converte en cómplice dun roubo nun restaurante. A policía chega nese momento e Jim remata nunha prisión de Georgia.

Aínda que a localización do estado é ambigua neste filme, o escenario sitúase claramente no Sur Profundo. Nunha sinistra representación do sistema penal sureño, Allen é sometido á crueldade dos carcereiros e á cínica indiferenza das autoridades. O filme sostén a idea de que todo o sistema carcerario foi creado para espremer até a última pinga da capacidade de traballo dos reclusos, manténdoo apenas con vida, na simple subsistencia –un *modus operandi* propio dos campos de escravos de antigos imperios como o romano. Ironicamente, estes cárceres foron concibidos pola alta burguesía cunha función humanitaria de reinserción social, a de converter traballadores ocasionais, delincuentes e, particularmente, parados e *no good negroes* en traballadores útiles que repararían as súas frustracións persoais contribuíndo á política económica dos estados do sur. Coma sempre, como Alex Lichtenstein argumenta:

Se cadra o “Progresismo” sureño reformou o sistema penitenciario, mais a natureza destas reformas suscita importantes cuestións sobre o papel do estado ao promover o traballo encuberto para o desenvolvemento económico. Mentres os motivos humanitarios non deberan ser esquecidos, os intereses de clase que ficaban por tras deste novo uso dos convictos tiñan as súas propias noções verbo da

relación entre o sistema penal e o desenvolvemento económico. As cadeas que construíron as estradas sureñas no século vinte convertéronse en símbolo duradeiro do atraso, a brutalidade e o racismo do Sur; de feito, foron [privilexiadas como] a encarnación dos ideais progresistas da modernización sureña, as reformas penais e a moderación racial. Nesta dualidade os cárceres sureños reproducen as características máis significativas dun sistema penitenciario xa superado.

Baixo unha perspectiva de esquerdas, eran insostíbeis as razóns humanitarias ofrecidas por aqueles que ascenderon socialmente a través da manipulación botando man dun capitalismo atrincheirado que mantivo a poboación negra escravizada. Esta caste de “escravitude” era, de feito, equivalente ao “fascismo”. Nunha aguda condena das brutais e sádicas medidas disciplinarias dos campos penitenciarios sureños, o filme enfatiza nas labazadas, illamentos forzados en celas de castigo e as eternas cadeas que deshumanizan os prisioneiros, protagonistas de varios documentarios e filmes de esquerdas da época.

(...)

Desesperado, Jim foxe -significativamente coa axuda dun prisioneiro negro. Esta importante, aínda que breve, relación de brancos e negros contra a deshumanización do sistema penal (símbolo dos enclaves americanos racistas e antidemocráticos) é representativo nas andanzas dun home branco “caído” e reducido ao estatus do negro, someso ás privacións de dereitos e humillacións que constitúen a exis-

tencia do último. Jim pasa o resto dos seus días como un fuxitivo, nun exilio existencial da sociedade á que el tiña contribuído.

Este implacábel filme bota man de certa estilización documental e posta en escena realista que aumentan a sensación de autenticidade. Sen protección algunha, a película baila no gume da revolta social e a rebelión existencial, non só contra o inxusto sistema socioeconómico, as crueis institucións sociais e políticas e as intolerantes figuras da autoridade, senón, finalmente, contra as condicións de vida de moitas persoas convertidas en dóciles e obedientes seres reducidos á máis baixa forma de existencia exiliada – que atopa o seu epítome no estatus do home negro americano.

Aínda que se trate dun filme rotundo contra a degradación do ser humano nas cadeas, *Son un fuxitivo* procura unha conciencia pública que active a protesta contra o fascismo recalcitrante no contexto americano. Nunha perspectiva de esquerdas, o Sur representado no filme funciona como metáfora da vella, tradicional e descoñecida América, urxentemente necesitada de reformas –un pebideiro fascista de violencia, racismo, clasismo e explotación, todo ao servizo das elites privilexiadas para salvagardar o seu dominio encol das masas a través do control das institucións represivas. O capitalismo e os seus métodos manipuladores, amósanse como aliados das formas “naturalizadas” do fascismo. O filme dende, unha esquerda crítica, establece claras ligazóns cun discurso anticapitalista e unha postura antifascista.

---

Follas do Cineclub de Compostela | 20 de outubro de 2010  
<http://cineclubedecompostela.blogaliza.org>

\* Fragmentos de *The Hollywood Left: Cinematic Art and Activism in the 1930s* traducidos ao galego por Xan G. Viñas.  
Pódese consultar en: <http://digitallibrary.usc.edu/assetserver/controller/item/etd-Mithani-20070913.pdf> (Páxinas 116 en diante).

#### PRÓXIMAS SESIÓNS

**Xoves 21 de outubro | 20.00 h**

*RIP: A Remix Manifesto* (Brett Gaylor, 2009, Canadá, 84', VOSP)  
Mesa redonda “**Compartir non é delito**”  
con José Ramon Pichel (Imaxín), O Leo (Komunikando.net)  
e Julio Vilarinho (Cineclub de Compostela)

**Mércores 27 de outubro | 21.30 h**

*O pan noso de cada día*  
(*Our Daily Bread*, King Vidor, 1934, EUA, 80', VOSG)